

# Previr riscos en chamadas telefónicas

As chamadas que nos chegan aos teléfonos fixos e móbiles tamén poden ser fontes de risco. Mediante técnicas de enxeñería social os criminais buscan involucrar ás súas vítimas nunha situación ou historia verosímil que as empuxe a levar a cabo algunha acción comprometedor ou a proporcionar información confidencial.



Pode ser un suposto alto cargo da entidade na que se traballa, pedindo información ou que se faga algunha operación saltando as normas e procedementos habituais (apelar á obediencia).



Pode ser un cidadán ou cidadá que diga necesitar imperiosamente información ou que se lle faga un trámite (apelar á empatía).



Pode ser un falso soporte técnico: alguén que chama para advertirnos de que un equipo ou servizo está en perigo e ofrécese a axudar para remedialo (apelar ao medo).

## As nosas defensas

- Coñecer e respectar os procedementos de traballo. En caso de dúbida, saber a quen consultar e non actuar por impulsos.
- Tratar de obter unha verificación da identidade do interlocutor por canles distintas das que se están a empregar para se comunicar con el ou ela. A sensación de urxencia que impida estas comprobacións debe ser sinal de alarma.
- Negarse a proporcionar por teléfono datos persoais propios, de terceiros, ou confidenciais aos que se teña acceso por motivos laborais.
- Non facilitar o acceso remoto aos nosos dispositivos a non ser que se estea absolutamente seguro de que se trata de persoal autorizado.



Se cando nos chegan peticións inusuais por teléfono lembramos que é preciso aplicar un escepticismo razoable, poderemos evitar estas ameazas.

Pode consultar máis información sobre ciberseguridade en <https://ciberseguridadegalicia.gal>



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER  
SEGURIDADE  
GALICIA



UNIÓN EUROPEA  
Programa REACT-EU